



Concello de A Pobra do Caramiñal

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que en data 28 de setembro de 2017, e mediante acordo plenario adoptado por unanimidade (13 votos a favor) dos membros presentes na sesión, acordouse autorizar a transmisión da concesión de explotación e mantemento do Parque Eólico Singular do Concello de A Pobra do Caramiñal de “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.A.” a “ELEC COAL VM, S.L.U.”

Visto que en data 11 de outubro de 2017 (n.º r.e. 2017-E-RC-5048), e unha vez notificado o anterior acordo, ELEC COAL VM, S.L. solicita autorización do órgano de contratación para proceder á novación da hipoteca que o anterior concesionario “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.A.” tiña constituída sobre a concesión, en virtude da previa autorización administrativa de data 1 de abril de 2008.3,

Visto o informe da Secretaría municipal e considerando o recollido nos artigos 255 e ss. do RDLex 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das Administracións Públicas.

Por todo canto antecede, propónse ao Pleno a adopción do seguinte acordo Plenario:

Primeiro.- autorizar a subrogación e novación da hipoteca constituída en escritura pública de data 3 de abril de 2008 ante o notario de A Coruña D. Enrique-Santiago Rajoy Feijoo co número 1.270 do seu protocolo (posteriormente novada mediante escritura ante o mesmo fedatario e con número 2.920 do seu protocolo) entre “PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.A.” e a entidade “CAIXA DE AFORROS DE VIGO, OURENSE E PONTEVEDRA” (actualmente denominada ABANCA), a favor de ELEC COAL VM, S.L..

Segundo.- notificar o presente acordo aos interesados, deixando constancia do mesmo no expediente administrativo relativo á concesión do Parque Eólico Singular do Concello de a Pobra do Caramiñal.

O Alcalde.

Concello de A Pobra do Caramiñal